

Cabe máis maxia que a da natureza?

Xuño invítanos a estar máis fóra, experimentar a luz, as cores e as sensación do comezo do verán, o mundo máxico da natureza. Todas as saídas poden ser estupendas ocasións para socializar en galego, aprendermos xogos e novas palabras, tocar, ulir, saborear... Malia todo, hai días en que tamén nos apetece pasar tempo nun espazo coñecido, a abeiro e coa atención posta nos contos, na música e noutras experiencias para crearmos a nosa propia maxia. O Espazo Apego é unha opción aberta para as familias que se interesan pola nosa lingua con propostas estables para a cativada máis pequena e con actividades formativas tamén para nais e país. Mirade o calendario anotádevos nas que vos presten.

Tardes de contos

O tempo dedicado ás historias, grandes e pequenas, que saen dos libros.

Os martes, con dúas opcións: para a xentiña máis pequena (0-3 anos) ás 17 h e para a non tan pequena (3 a 6 anos) ás 18.15 h.

Inscripción 7 de xuño (17 h)

Inscripción 7 de xuño (18.15 h)

Inscripción 14 de xuño (17 h)

Inscripción 14 de xuño (18.15 h)

Inscripción 21 de xuño (17 h)

Inscripción 21 de xuño (18.15 h)

Inscripción 28 de xuño (17 h)

Inscripción 28 de xuño (18.15 h)

Tardes xogantinas

Que vai ser se non é xogar?

Todos os mércores de 17.30 a 19 h as crianzas de 3 a 6 anos teñen unha ocasión de “librárense” de papá e de mañá e quedar pasándoo moi ben.

Inscripción 1 de xuño

Inscripción 8 de xuño

Inscripción 15 de xuño

Inscripción 22 de xuño

Inscripción 29 de xuño

Lingoretadas

Un xoves si e un xoves non falamos, cantamos e dámoslle á lingua sen parar.

Para nenas e nenos entre 2 e 6 anos, ás 17.30 h

Inscripción 9 de xuño

Inscripción 23 de xuño

Patapatún tun tun!

Un espectáculo de maxia especial para peques de 2 a 4 anos que nos trae o Mago Paco. O xoves 2 de xuño ás 18 h.

[Inscripción](#)

Cantos e trazos de andar

Mirari Urruzola guía este obradoiro no que experimentar cos xogos musicais e o movemento para crear un debuxo colectivo. Ás 18 h, o xoves 16, para nenas e nenos entre 2 e 6 anos.

[Inscripción](#)

O pozo do encanto

Unha fada, unha fonte, Alí... maxia pura para coñecer recursos educativos en galego e experimentar con eles.

Para cativada de 3 a 6 anos e nais e pais atentos ao que se conte. O xoves 30 ás 18 h

[Inscripción](#)

Obradoiro sobre a transmisión dos prexuízos na crianza

Para nais, pais e outras persoas coidadoras que queiran reflexionar sobre un tema imporante.

Venres 3 ás 17.30 h

[Inscripción](#)

Obradoiro sobre como reconducir as condutas non respectuosas

Unha hora e media de formación para nais e pais guiada por unha experta.

Venres 10 ás 17.30 h

[Inscripción](#)

Obradoiro sobre como afrontar coas crianzas a separación ou o divorcio

Impartido por Arraianas. Venres 17 ás 17.30 h.

[Inscripción](#)

As actividades son de balde pero con prazas limitadas.

A inscrición faise cubrindo os formularios aos que se accede desde esta información e tamén nas seccións de actividades das webs apego.gal e delingua.santiagodecompostela.gal (onde se irán publicando semana a semana).

O prazo para anotarse remata ás 12 h do día anterior a cada actividade.

As prazas asígnanse por orde de entrada das inscricións e confírmanse mediante unha mensaxe ao correo electrónico facilitado, unha vez pechado o prazo.